

Bruno, eu tamén me vacino!



María Jesús Chacón Huertas
Carmen Ramos

Este libro se realizou grazas ao patrocinio de GSK



 2021

Autora: María Jesús Chacón Huertas
Ilustración: Carmen Ramos

www.weeblebooks.com
info@weeblebooks.com

Madrid, España, 2021

Código: NP-ES-GVX-PINS-210004 (v2) 04/2021

Por que nos vacinamos? Quen se debería vacinar? Coñecemos as enfermidades que se poden previr?

Grazas á eficacia das medidas que se foron introducindo durante o século pasado no mundo da saúde, todos os cidadáns, principalmente os dos países desenvolvidos, melloramos notablemente a nosa saúde e con ela, a nosa calidade de vida.

As vacinacións son a proba máis concluínte de que, como di o refrán: “vale máis previr que curar”.

Co obxectivo de dar a coñecer o fascinante mundo da prevención, creamos este conto, no que traballamos con moita ilusión e onde vos convidamos a descubrir esta viaxe apaixonante que nos acompaña ao longo de toda a nosa vida.

Área de Relacións con Pacientes de GSK España

Prólogo.

As vacinas son uns medicamentos moi especiais: adminístranse a persoas sas para previr e evitar que se poñan enfermas.

Todos os anos, segundo a Unicef, calcúlase que, polo menos, de dous a tres millóns de nenos non morren no mundo, grazas ao efecto protector das vacinas. Todo un éxito!!

O libro que tes nas túas mans ten o formato dun conto, pero non é un conto calquera. É unha historia entrañable, con rigor científico, que narra as conversacións ao redor das vacinas, dun avó co seu neto, e en ocasións coa pediatra do neno. Ao longo da narración vanse debullando e desvelando distintas conversacións, baseadas na evidencia científica, sobre a importancia das vacinas, como ferramentas de saúde individual e colectiva. Cando me convidaron a que escribise unhas palabras a modo de prólogo do conto, e unha vez que puideron ler o manuscrito inicial, comprobei que este conto, que inicialmente puido estar pensado para que, só os nenos coñecesen dunha forma clara e didáctica a importancia das vacinas no mundo actual, tamén lles podería interesar a todas as persoas con interese en profundar no apaixonante mundo das vacinas, nenos, mozos e adultos, pais e avós... espero que todos gocen coa lectura deste delicioso conto sobre as vacinas.

Teño que sinalar que este precioso relato, tan ben narrado pola súa autora, María Jesús Chacón expresa conceptos ás veces complexos, con palabras moi fáciles de entender. Ademais, o conto vén acompañado de ilustracións que lle dan moita forza ao texto e ás palabras dos que interveñen no conto.

E se unha vez rematada a súa lectura, queres coñecer outros aspectos de interese das vacinas, convídoche a que continúes coa lectura do epílogo do conto. Quizais tamén poida interesarche algunha das cousas que alí se contan...

Luis Ortigosa.

Pediatra. Presidente da Sociedade Canaria de Pediatría de Santa Cruz de Tenerife.

Membro do Grupo Técnico de Vacinas do Goberno de Canarias, e Asesor Interno do CAV-AEP (Comité Asesor de Vacinas da Asociación Española de Pediatría).

Desde moi pequeniño fuches un neno moi especial. Si, xa sei que estás pensando que todos os avós dicimos o mesmo, pero non, esta vez non che dou a razón. Sintome tan afortunado por compartir contigo tantas conversacións e tan bos momentos que agora, que xa tes catorce anos, chegou o momento de darche algo moi especial, algo que levo planeando desde hai tempo.

Hei de confesarche, iso si, que tiver unha moi boa cómplice, sen a que tería sido imposible terminar o meu agasallo a tempo. Bueno, mellor dito, o noso agasallo. Oxalá non perdas nunca ese interese que tes sempre por querer saber un pouquiño máis.

Non o adiviñas, Bruno? Espero que che guste tanto como a nós. Creo que quedou moi ben! Estou desexando ver a túa cara de sorpresa cando o vexas...

maio 2017

A semana pasada cumpriches seis anos e hoxe, como papá e mamá están traballando, acompañareite eu á revisión. Esta vez toca poñer vacina. Recordo que estabas tan contento porque faltarías á clase pola tarde que case esqueciches que che ían picar. Eu tentaba convencerte de que era bo para ti, pero ti insistías en que non entendías por que.

— Pero avó se non estou malo, por que me pican?

— A ver como cho explico... Acórdaste cando vimos a semana pasada o partido de hóckey sobre xeo?

— Si avó, foi moi chuli. Os xogadores estaban tan tapados que case non se vían, a que si?

— Si, si, Bruno. Estaban tan protexidos co casco e coas proteccións que apenas se distinguían.

— Iso é porque así non se fan dano se chocan, verdade?





— Claro que si, ves? Pois xusto iso é o que pasa coas vacinas. Igual que o casco protexe aos xogadores de hóckey ou che protexe a ti cando montas en bici, cando nos poñemos as vacinas aprendémoslle ao noso corpo a defenderse. **As vacinas axúdannos a previr enfermidades e a protexernos a nós mesmos e tamén aos que nos rodean.**

Por iso é tan importante seguir as pautas que nos indica o noso médico e vacinarnos. Non sei se me explico...

— Si avó. Queres dicir que igual que os cascos nos axudan a non facernos dano, as vacinas son como... se fosen os nosos cascos?

— Moi ben Bruno, es un rapaz moi listo!

Xusto nese momento chegamos ao consultorio e non fixemos máis que sentarnos cando a enfermeira saíu a chamar. Nós eramos os últimos.

— Pero, que che pasa pequeno?

— Nada avó, non me pasa nada.

Pero non era certo, eu sabía que che pasaba algo. Non dixeras nin unha palabra desde que entramos, e cando ti non dicías nada significaba que algo non ía ben. Pasaron uns dez minutos ata que se volveu abrir a porta. Erguémonos dun chimpo e entramos.

— Pero bueno Bruno, canto medraches, hai moito que non me vés ver! —exclamou a pediatra.

— Ola!... como non me poño malo. —contestácheslle.





— Que ben! Iso é porque es un neno moi san e moi forte. E porque tes moi boas defensas. Hoxe tócache revisión e vacina: primeiro, faremos a revisión. E logo, xa verás, que case nin notarás a picada, será coma un belisquiño. Ademais, co ben que te portabas de pequeno...

— De verdade, non choraba?

— Non, non que va. Lembro que a última vez eras tan pequeno que quedaches fitando un debuxo que había enriba da padiola e, zasca! entón aproveitamos para picarche. Veña Bruno, vai quitando as zapatillas e sube aquí para pesarte.

Estaba claro que por moito que a túa pediatra e mais a enfermeira tentaban que esqueceses a picada, a túa cabeza non deixaba de darlle voltas. A cada pregunta que che facían contestábaslles cun simple “si” ou “non”, ata que por fin te atreviches a soltar o que estabas pensando:

— E se non me vacino, avó? Díxome que estou forte, que teño moitas defensas ...

Entón mirámonos os tres sorrindo e xusto cando che ía responder, a túa pediatra, a doutora Alegría, impediumo:

- Teño unha idea! Como es o último paciente da mañá e temos tempo... Queres que che conte unha historia?
- Si, avó, pode?
- Por suposto que si.
- Xa verás, é unha historia baseada en feitos reais.
- Iso significa que é... das de verdade?
- Si, si Bruno, pasoume a min cando era nova...





Ocorreu no verán que fixen dezanove anos. Xusto cando acabei o primeiro ano de universidade...

As miñas amigas e mais eu levabamos máis dun ano planeando unha viaxe á India. Encantábanos ler sobre a súa cultura. Adorabamos o té, atraíannos os seus costumes, os seus bailes... Era a viaxe ideal para nós, así que a organizamos con toda a ilusión do mundo.

Todas sabiamos que nos teriamos que vacinar, pero unha das miñas amigas dubidou ata o último momento. Decía que non era tan importante vacinarse porque en España xa nos vacinabamos. Eu tentei convencela, contándolle o que me explicaba o meu médico: "O noso corpo non está afeito a algunhas enfermidades que existen na India, así que debemos fortalecelo e protexelo para previr posibles enfermidades."

Ao final, como te imaxinas, non a convencemos e vacinámonos todas, excepto María. E, sabes que pasou? Pois que non gozamos da nosa soñada viaxe porque María púxose mala e tivemos que levala ao hospital. Estivo pochiña case unha semana, doíalle todo o corpo e tivo febre. Afortunadamente recuperouse e puidemos regresar á casa sas e salvas.


— Ves Bruno, entendes agora o importante que é vacinarse? Antes de facer unha viaxe a outro país debemos comprobar que puxemos todas as vacinas que nos recomenda o médico.

— Si, doutora, entendino... Entón, pódeme poñer hoxe moitas vacinas?

— Ha, ha, ha!

— Non, pequeno, non. Temos que seguir unhas pautas de vacinación, **cada vacina ao seu tempo**, Bruno. Aínda que ti non te acordas, xa che puxemos moitas. Trouxeches a túa cartilla? Ensínasma? Fíxate, aquí telo todo apuntado. Empezamos a vacinarte cando só tiñas dous meses, seguindo as recomendacións oficiais das Autoridades Sanitarias. Pero iso xa cho contarei outro día. Agora, seguimos coa revisión...

Estabas escoitando á túa médica con tanta atención que, unha vez máis, a enfermeira aproveitou entón para picarche. Tiña razón. Fíxoo tan ben que apenas soltaches un leve “ai!” e xa está.





Cando a enfermeira comprobou que estabas perfectamente e que non tiñas ningunha reacción adversa, entón deixou que marchásemos á casa.

— Avó, a que agora estou máis forte?

— Si, si, Bruno. Agora é coma se levases o casco posto sempre, ha, ha, ha.

Desde entón raro era o día que non nos preguntabas algo relacionado coas vacinas. Tiñas tanta curiosidade por saber onde se fan, quen e como as fai, se todos os nenos do mundo se vacina... que os teus pais e mais eu nos documentabamos como podíamos para tratar de contestar ás túas preguntas. Ás veces, cando me preguntabas algo que non sabía responder, aproveitaba para contarche o que eu vivira.

— Sabes que, Bruno? Temos moita sorte porque nos tocou vivir nunha época na que existen as vacinas. Sen dúbida, **son un dos mellores inventos do home**. Cando eu era mozo só podiamos protexernos dalgunhas enfermidades.

— Só dalgunhas?


— Si, si, agora protexémonos de moitas máis. Mira o meu brazo, ves esta pequena marca? É dunha vacina. Os teus pais tamén a teñen, víchela?

— É certo, é igualiña!

— Antes viñan á escola para poñernos as vacinas. Imaxínate, para nós si que era unha novidade. Xa sabes que cando eu tiña a túa idade non había internet. Entón non tiñamos tanta información como agora. Recordo que una das veces que viñeron á escola, a enfermeira tratou de tranquilizarnos explicándonos no encerado en que consistía unha vacina. Fíxoo tan ben que o lembro coma se fose onte.

— Por fi, cóntamo avó!





— Espera, tes papel e lapis? Eu tamén prefiro debuxarcho. A ver se me explico tan ben como ela. Verás, contounos que as vacinas conteñen os xermes, durmidos ou debilitados, que causan a enfermidade contra a que nos vacinamos. Así, mentres eses xermes dormen, o noso corpo vains estudando e, aos poucos, vai creando unha especie de escudo protector.

E, que pasaría se eses xermes espertasen? Pois que ese escudo defenderíanos deles. Por iso, é tan importante vacinarnos. No caso de que nos contaxiásemos dalgunha enfermidade, se xa nos vacinamos contra ela, non acabariamos indo ao hospital porque xa adestramos ao noso corpo para que se defenda el soíño.

— Claro, iso é o que lle pasou a María, a amiga da miña pediatra, a que si? Como non se quixo vacinar, acabou no hospital.

— Claro pequeno, iso é!

— Sabes que, avó? Xa sei o que quero ser de maior.

— Pero se aínda falta moito para iso...

— Xa, pero seino. De maior quero ser dos que fan as vacinas, como se chaman? Vaci, vaci... vacinistas?

— Ha, ha, ha, esa palabra non existe! Os que fan as vacinas son os científicos ou os especialistas en bioloxía, por exemplo. Non penses que as vacinas se fabrican dun día para outro, eh? Facer unha vacina pode custar moitos pero que moitos meses ou mesmo anos. Dentro duns anos, cando vaias ao instituto estudarás bioloxía. Xa verás, estou seguro de que che vai encantar, Bruno!



Maio 2019

— Avó, a doutora Alegría preguntoume hoxe por ti. Como hai tanto que non te ve...

— É certo, non sei...cando foi a última vez que nos vimos? A próxima vez acompañareite eu ao médico, vale?

— Si, porfi! Avó... e se cando ti eras pequeno había só algunhas vacinas, entón aos teus pais vacináronos algunha vez?

— Si, si, algunha vacina puxéronlles. O meu pai contábame que antes había moitas enfermidades contaxiosas que provocaron miles e miles de mortes por todo o planeta. Afortunadamente, hoxe en día temos vacinas dispoñibles para esas enfermidades. Lembro que sempre me falaba da varíola. Díciame que fora unha das epidemias máis antigas e, sobre todo, unha das peores porque causara millóns de mortes infantís. Menos mal que os científicos lograron descubrir a vacina contra a varíola e grazas a ela conseguimos erradicala.



— Erradicar quere dicir que desapareceu, avó?

— Si, pequeno, si. Grazas ás vacinas nin existe xa a varíola nin moitas outras enfermidades que conviviron connosco.

— Que ben, avó! Pero, e...que pasaría se deixásemos de vacinarnos?


— Pois que volverían aparecer brotes desas enfermidades que xa non existen e volverían causar de novo miles de mortes innecesarias. Pero aínda hai algo peor que unha epidemia...

— Peor aínda?

— Si, si. Imaxínate que nuns anos aparecera unha enfermidade nova e que fora moi contaxiosa. E que se estendera por todos os países con tanta rapidez que fora imposible frear a súa propagación. Entón non falaríamos dunha epidemia, nese caso falaríamos dunha pandemia. En España, hai xa case un século, vivimos unha **pandemia** horrible, a da gripe, na que tamén morreron millóns de persoas.

— Caramba... avó! Os teus pais viviron esa pandemia, non?

— Claro que a viviron, Bruno! Pero vaia, que en calquera momento poderían volver xurdir enfermidades contaxiosas que provocaran outra pandemia coma a de entón. Que pasaran xa, non quere dicir que non volvan pasar.



— En serio? Cres que poderíamos vivir unha pandemia agora, avó?

— Claro que o creo pequeno! Pero bueno, non tentemos á sorte... Falando da gripe, sabes que as persoas maiores poñémonos unha vacina da gripe todos os anos no outono?

— Non, non o sabía. Pero... se ti non es maior, avó!

— Iso é o que eu quixera! Ha, ha, ha!

— E aos nenos non nos vacinan contra a gripe?

— Pois algúns países si que o recomendan, pero non todos. Ti es novo e as túas defensas son tan novas coma ti. Ves as miñas engurras, Bruno? A miña pel engúrrase porque me fago maior. Pois ao meu organismo pásalle o mesmo, tamén se fai maior. O meu sistema inmunolóxico, ou o que é o mesmo as miñas defensas, van envellecendo aos poucos de forma que cando me ataca un virus ou unha bacteria o meu corpo xa non responde tan rápido como cando era novo. Por iso aos maiores recoméndannos vacinarnos contra a gripe, para estar sans e fortes coma ti.

— Eu non quero que te poñas malo, avó. Vacínate sempre que cho diga o teu médico, vale?

— He, he, he! Claro que si, xa sabes que sempre sigo as pautas que me indica o meu médico, Bruno.






Maio 2021

A semana pasada fixeches dez anos, que maior te fas, pequeno! Hoxe si que me toca acompañarte á revisión porque papá tiña que traballar e mamá debía ir ao médico. Esta vez voluíamos ter a consulta a última hora da mañá. Seques sendo un neno tan san e tan forte que apenas visitas á túa pediatra...

— Sabes que hoxe non me toca poñer ningunha vacina, avó?
— Xa, díxomo papá onte á noite. Hoxe só revisión. Xa me vacinei eu por ti.
— É verdade! Xa te vacinaches da COVID-19, avó. Que valente! Os meus amigos din que son un pesado porque sempre presumo de que fuches un dos primeiros en vacinarte.

— Bueno, Bruno, tampouco é para tanto. En ningún momento dubidei de facelo. Xa sabes que sempre che digo que **as vacinas son os medicamentos máis seguros que existen**. Pois se non me puxera a vacina da COVID-19, non sería coherente co que che digo, non si? Confío plenamente nas vacinas. Era o mellor para min e para os demais... Lembras cando che dicía que poderíamos vivir unha pandemia?

— Si avó, non o podía crer. Contareilles aos meus netos como a vivimos igual que ti me contaches o dos teus pais. Menos mal que os científicos de todo o mundo aceleraron o proceso de fabricación da vacina!



— Si, Bruno, menos mal. Pero que o acelerasen non quere dicir que sexa de mala calidade ou pouco segura, eh? Xamais se comercializa unha vacina ata que se comproba unha e mil veces que é de calidade, segura e eficaz. Esta pandemia freouse grazas a esas vacinas, pero non esquezas nunca que, segundo indican as Autoridades Sanitarias, **as vacinas son necesarias durante toda a vida**. Sabes que as mulleres embarazadas tamén se vacinan?

— Ah, si? Non, non o sabía. Entón, a mamá vacinárona?

— Si, claro, á túa nai vacinárona cando ti estabas na súa barriga, por iso fuches un bebé tan san.

— Ehhh, iso que ten que ver?

Recoñezo que non sabía moi ben como explicarche que tiña que ver, pero como nese instante nos chamou a enfermeira, deseguido se me ocorreu a solución.

— Veña Bruno, tócanos! E se lle pedimos á túa pediatra que nos explique que ten que ver? Seguro que o fará mellor ca min.

— Vale, avó!





A doutora Alegría achegouse a saudarte, desordenándoches cariñosamente o pelo. Como se nota que adora o seu traballo!

— Pero Bruno, que alto e que guapo estás!
— Ola doutora, grazas! – contestácheslle un pouco ruborizado. –Xa sei que hoxe non me toca vacina, pero podo facerlle unha pregunta?
Bueno, mellor dúas.
— Ha, ha, ha! –claro que si, Bruno. As que queiras. Es o último da mañá, así que son toda túa.

— É que o meu avó di que eu estou tan forte porque a miña mamá vacinou durante o embarazo. E, non o entendo.
— Agora explícocho, Bruno. Cando vacinamos ás futuras mamás durante o embarazo conseguimos que o sangue materno teña máis defensas. Sabes como chamamos tamén a esas defensas?


— Si, chámanse anticorpos. Explicóunolo o outro día a profe de ciencias.

— Moi ben Bruno! Cando vacinamos á túa nai embarazada, pasámosche a ti parte das súas defensas. E, esas defensas son as que te protexeron de posibles infeccións graves durante os primeiros meses.

— Entón, aínda teño esas defensas que me pasou mamá?

— Boa pregunta, Bruno. Non, non. Eses anticorpos desapareceron cando tiñas entre seis e doce meses. Xa sabes que a túa primeira vacina puxémoscha aos dous meses. Imos botar unha ollada á túa cartilla! Tela por aí?





A doutora Alegría explicouche unha a unha as vacinas que xa che puxeras e as que aínda che faltaban.

— Entón case todas nolas poñemos cando somos pequenos, non?

— Si, a maioría durante os dous primeiros anos de vida. Por que? Pois porque ao vacinarvos antes dos dous anos, ademais de protexervos a vós de posibles infeccións, tamén evitamos que contaxiedes a outros nenos na gardería, por exemplo...

— Pois cando eu ía a garde...

De súpeto, alguén petou na porta. Aínda que a enfermeira dixo “adiante”, non entrou ninguén, así que se achegou ela a abrir.

— Mami, que alegría! —exclamaches dándolle un bo bico.

— Pase, chega vostede a tempo!



- Sinto interromper así pero rematei na consulta antes do previsto e decidín achegarme. Rematastes xa?
- Non, non! Se aínda non empezamos a revisión. Hai un momento estabamos falando de vostede...
- De min, e iso?
- Pois, xa sabe, o seu fillo e o seu entusiasmo polas vacinas.
- Pero Bruno, fillo, non sexas tan pesado. De pequeno non paraba de dicirnos que de maior quería ser vacinista, a que si, papá?

A túa pediatra e mais a enfermeira romperon a rir cando escoitaron esa nova profesión. Ao principio, avergoñácheste un pouco do comentario de mamá, pero despois acabaches rindo con nós.

- Iso era hai moito, filla! —defendinte chiscándoches un ollo.
- Tes razón, papá! O caso é que o meu fillo, xa o coñece vostede, doutora Alegría, sente tanta curiosidade por todo que, ao final acabará sendo pois, o que el queira, claro.



— Mami, cóntalles o de... cando eu ía á gardería, porfa!

— O que, cando todos se poñían maliños?

— Si, iso mami.

— Nada, que a Bruno encántalle que lle conte que cando era pequeno case todos faltaban á gardería porque collían algún virus. E, con todo, el nunca se poñía malo.

— Poñíanse maliños porque... ás súas mamás non lles puxeron a vacina?

— Non Bruno, non. Seguro que ás súas mamás lles puxeron a vacina e a eles tamén lles poñerían as súas ao seu tempo.

O que pasa é que cando os nenos teñen menos de cinco anos son máis propensos a contraer enfermidades porque o seu sistema inmunolóxico non desenvolveu aínda as defensas necesarias para loitar contra as infeccións.

— Ah, vale! Entón, cando nos poñen as vacinas e as nosas defensas xa están fortes, válennos para toda a vida?

— Bruno, fillo, vale de preguntas, que xa é moi tarde.

— Non se preocupe, é o meu último paciente. Díxenlle que me podía preguntar o que quixese.

— Fáleme de ti, por favor! Se xa somos case familia, ha, ha, ha. Cando acabemos a consulta, gustaríame dicirvos algo importante, vale?

— O mesmo digo, xa nos coñecemos o suficiente como para tratarnos de “ti”. Cóntasnolo agora?

—respondeulle a doutora a mamá.


— Non, non, agora non. Despois, cando rematemos.

— Estás ben, filla?

— Si, si, papá, estou fenomenal!

— A ver, Bruno, respondo á túa pregunta. Non, non valen para toda a vida. Algunhas das vacinas que nos poñemos de pequenos non supoñen unha inmunidade duradeira, é dicir, non nos valen para toda a vida. Para que sigan tendo efecto

debemos seguir unhas pautas de vacinación, volvéndonos a picar unha dose que reforce os seus efectos. Se non o fixésemos así, volveríamos ter risco de enfermarse. Amósame a túa cartilla, imos ver algún exemplo. Uhm... ves? Fíxate aquí, seguindo as recomendacións oficiais, puxémosche unha dose da varicela cando tiñas quince meses e outra cando tiñas catro anos.



— E se algunha vez me retraso cando me toca poñer unha vacina, pasaríame algo?

— Non, non che pasará nada. Aínda que sempre che digo que cada vacina ao seu tempo, a maioría das vacinas pódense poñer a calquera idade e, se esquecemos algunha dose non teríamos que empezar de novo porque nos seguirían facendo efecto, aínda que pasase máis tempo do recomendado. Poñeríámola e xa está.

— É que o outro día busquei na internet e lin que non nos podemos vacinar se non nos vaccinamos cando nos toca.

— Así que lle consultaches ao doutor Google, eh Bruno? Logo apuntareiche dúas páxinas nas que poderás consultar todas as dúbidas que teñas sobre vacinas, vale? Fíxate se é perigoso o doutor Google que se non chegas a facerme esa pregunta, crerías o que liches. Que o señor Google teña resposta para todo, non quere dicir que diga sempre a verdade, pequeno. Hai que saber onde buscar a información, non o esquezas nunca.




Mentres a doutora Alegría apuntaba nun papeliño as dúas direccións da internet que che deu, a túa nai non paraba de facerme xestos, impaciente, para que cortase xa a conversación. E, iso fixen:

— Bueno, Bruno, seguiremos falando outro día, vale?
Dixéraslle á doutora un par de preguntas e xa van unhas cantas máis, ha, ha, ha.

— Ups, é certo, síntoo!

— Non te preocupes, pequeno, a min tamén me encanta falar das vacinas. Si que é un pouco tarde, si. Veña, imos á revisión! Só unha cousiña máis: non dubides nunca de que as vacinas son medicamentos moi seguros. Mesmo cando as circunstancias obriguen a acelerar o seu proceso de fabricación, como o que vivimos coa COVID-19, os países non lla subministran á poboación ata aseverarse da súa seguridade. Claro que, como o resto de vacinas, as vacinas fronte á COVID-19 tamén provocaron leves reaccións adversas, como un pouco de febre ou unha leve dor na zona da picada.





- Mami! Eu tiven febre algunha vez?
- Non, Bruno! Nunca tiveches ningunha reacción adversa.
- Iso é o normal, Bruno!, Ala, e agora a revisión! Vai quitando as zapatillas e súbete aquí para pesarte.

Fora unha consulta tan intensa que foi xusto nese momento cando decidín que todas estas conversacións non debían desaparecer nunca. Eu non quería esquecelas e ilusionábame pensar que a ti tamén che gustaría lembralas sempre. Así que me decidín a facelo, aínda que para iso necesitaría a axuda dalgunha persoa experta. E, claro, sen ningunha dúbida, esa experta era a túa pediatra. Falaría con ela ao rematar a consulta.

- Bueno, Bruno, estás perfecto! Segue así e non tardes tanto en vir verme, vale? Cando queiras, seguiremos falando de vacinas...
- Vostede é ...científica, doutora?
- Non Bruno, que va. O que pasa é que a min, como a ti, tamén me gusta moito este tema. Ti si que te vas converter nun gran científico, como sigas así.
- Oxalá, encantaríame! –dixeches orgulloso.
- Grazas por todo, doutora! Bueno...e agora que rematamos, dareivos a boa nova...
- É verdade! Para que fuches ao médico, mami?
- É que non se me nota na cara? Xa te encargarás ti de que o teu irmán pequeno non lles teña medo ás vacinas, a que si Bruno?
- Filla! Pero que alegría máis grande! Outro neto ou... neta, quen sabe!
- En serio, mami? Un irmán!
- Parabéns! – exclamaron a enfermeira e mais a túa pediatra.
- Poñerémolle todas as vacinas necesarias para que estea tan san e forte coma ti, Bruno. –indicouche a enfermeira.
- Claro! E mamá, acórdate que ti tamén te tes que vacinar para pasarlle forzas ao meu irmán, eh? Poderei ir contigo?
- Non, non. Ti terás que ir á escola.





Mamá e mais ti saístes contentísimos da consulta. Díxenvos que me esperádeses fóra porque eu debía falar coa doutora Alegría dun asunto persoal. En canto lle contei o meu plan, deseguido se ofreceu a ser a miña cómplice.

— É unha excelente idea, vaia sorpresa! A Bruno vaile encantar!

— Creo que é unha boa maneira de que as nosas conversacións non caian en saco roto. Bruno terá un lindo recordo, non lle parece?

— Claro que si!

— Entón eu vouno escribindo en papel e logo vostede revisao e pásao ao computador. Xa sabe que isto da tecnoloxía non é o meu forte. Quedamos así, pois?

— Perfecto, conte comigo para o que necesite!

Déixolle a miña tarxeta, aquí abaixo está o meu teléfono. Xa sabe que os venres a última hora é bo día para quedar, pero por se acaso, chámeme antes.

— Así o farei! Pero, por favor, fáleme a min tamén de “ti”, que se non parezo un avó, ha, ha, ha. Ah! E grazas por axudarme, doutora. Ata pronto!

Marchamos para a casa no coche de mamá. O teu pai chamounos porque era tarde e estaba preocupado. Estrañáballo que non chegásemos a casa aínda. Preparara a mesa para os catro...

— Papá, equivocácheste. Non somos catro, somos cinco!

— Ha, ha, ha! É certo, pensaba que mamá aínda non volo contara.

— Si! Ao final, veu ao médico con nós e díxonolo. Uhm...que fame teño!

Cando empezamos a comer e papá che preguntou que tal fora a revisión, ti puxécheste a explicarlle todo o que aprenderas sobre as vacinas...



Maio 2025

A semana pasada fixeches catorce anos. Lembro que as nosas conversas sobre as vacinas empezaron cando tan só tiñas seis anos. Quen nos ía a dicir entón, Bruno, que estabamos a piques de vivir unha nova pandemia. Por suposto, despois da COVID-19, o teu interese polo mundo das vacinas multiplicouse aínda máis. Non te cansas de ler e de investigar pola túa conta. Sempre queres saber máis. Estás a piques de acabar o teu segundo ano de instituto e xa es case un experto en vacinas.



O teu profe de ciencias está encantado contigo. Non para de repetirlle a mamá que vas chegar moi lonxe, que serás un científico de renome... Entrementres, a túa pediatra e mais eu seguimos adiante co noso plan. O outro día decidimos que cho daríamos o día que te puxeses a vacina dos catorce anos. Ese sería o momento idóneo! E ti, mentres, para non perder o costume, seguías coma sempre: en canto podías buscabas un oco para contarme...

— Avó, ven, mira o que pon aquí! –dixéchesme sinalando a pantalla do computador. Acórdaste daquel conto que me contaches cando era pequeno?

— Que conto, Bruno? Conteiche tantos...

— O que che contaron a ti na escola: que as vacinas conteñen unha pequenísima parte do xerme que causa a enfermidade, ou unha versión durmida ou moi débil que cando entra no noso corpo non causa a enfermidade, senón todo o contrario...

— Si ese! Ves? É o mesmo que pon aquí: cando un virus ou unha bacteria entra no noso corpo, multiplícase e atácalles ás células, producindo unha infección. Entón o organismo, ao recoñecelo como un corpo extraño, fai que o noso sistema inmunolóxico active os seus mecanismos de defensa ata que os anticorpos o identifican e destrúen as células infectadas. Eses xermes malos eran os virus ou as bacterias...





— Claro! Cando cho contei terías seis ou sete anos. Se non cho chego a explicar así, co dos xermes, non entenderías nada. Eras moi pequeno para entendela.

Pero esa páxina é segura, Bruno: é do doutor Google ou da doutora Alegría?

— Ha, ha, ha, que gracioso! Só busco nas páxinas que me indicou a miña pediatra. E, sabes o da memoria, avó?

— Que é o da memoria, Bruno? Creo que tampouco me acordo, ha, ha, ha!

— Refírome a que o sistema inmunolóxico ten memoria, ha, ha, ha.

— Bueno, algo sei...

— Explícocho? Verás... sabemos que cando nos ataca un virus por primeira vez a nosa resposta inmune é lenta. O bo é que como o noso corpo lembra aos seus inimigos, no caso de que nos volvese a atacar o mesmo virus ou bacteria, o noso sistema inmunolóxico actuaría moito máis rápido e o corpo eliminaría ao inimigo antes de desenvolver a enfermidade. Por iso son tan importantes as vacinas. Lieite moito?

— Non, que va, ao contrario. O que queres dicir é que as vacinas simulan unha infección para adestrar ao sistema inmunolóxico, non si?



— Iso é avó. As vacinas aproveitan a memoria do sistema inmunolóxico. O que pasa é que eses anticorpos ás veces perden a súa forza co paso do tempo. E é entón cando necesitamos as vacinas de reforzo, como a que me toca a min agora, aos catorce.

— E, cando tes que ir poñela?

— Díxome mamá que a semana que vén. Xa sabes, irei a última hora, avó. Virás comigo? Mamá ten que ir recoller a Nicolás.

— Claro que irei! Ademais, teño que ultimar algunhas cousiñas coa túa pediatra.

— Que cousiñas?

— Non, non. Nada, asuntos nosos.

— Vale avó! Por certo, díxenche que a doutora Alegría estame axudando a facer un traballo?

Por suposto que o sabía, pero disimulei como puiden. Fíxenme o despistado para non levantar sospeitas.

— Non, non mo contaches. E iso?

— É que en clase de ciencias temos que facer un traballo en grupo sobre “Os grandes inventos” e convencín aos meus amigos para facelo sobre as vacinas.

— Boa elección, claro que si! Xa sabes que para min as vacinas son un dos grandes inventos do home. De feito, eu diría que son **a mellor medicina preventiva que existe**.



— Si avó, xa, mo dixeches moitas veces. Repartímonos o traballo e eu case acabei a miña parte. Aínda que, claro, como eu sei máis que os demais, tocoume o máis difícil.

— Difícil para ti? Non o creo, se ten que ver coas vacinas, para ti non hai nada difícil.

— Bueno... menos mal que teño o apoio da doutora Alegría!

— É que a doutora é unha excelente pediatra, Bruno. Oxalá todo o mundo confiase tanto no seu pediatra como o fixemos nós.

— Tes razón, avó. Dígoche o que me tocou no traballo?

— Si, claro, son todo oídos.

— Pois, teño que falar dos portadores, as cepas, o proceso de desenvolvemento dunha nova vacina, os ensaios clínicos... E tamén dos adxuvantes. Oíras algunha vez unha palabra tan rara?




— Pois, agora que mo lembras, si...
vacinista! Ha, ha, ha.

— Pero avó... agora en serio, queres saber
o que é un adxuvante ou non?

— Adxu... que? Non escoitara iso na miña
vida, si claro que quero sabelo!

— Ven, senta aquí ao meu lado, que a
buscamos onde me dixo a doutora. Mira,
aquí está! “Os adxuvantes son moléculas
que introducimos nas vacinas que teñen
como obxectivo principal potenciar a
resposta inmune do organismo. Isto significa
que as vacinas adxuvadas reducen a
cantidade de virus ou bacterias en cada
dose e iso facilita a súa produción.”



— E... entón para que serven as vacinas adxuvadas?

— A doutora explicoume que, por exemplo, no caso de que houbera outra pandemia, as vacinas adxuvadas serían unha das mellores solucións porque se poderían producir máis doses para protexer a todo o mundo.

— Que interesante...! Uf, que tarde, Bruno, teño que marchar xa. Seguiremos noutro momento. Desconecta xa un pouco e vai dar unha volta.

— Vale, dentro dun ratiño! Ata mañá, avó!

— Faime caso, anda. Adeus pequeno!




**Ao día seguinte quedei coa doutora
Alegría, coma sempre, a última hora.
Estabamos rematando xa o noso traballo
e ela quería ensinar as súas últimas anotacións.**

— Vaia neto simpático que tes! –díxome mentres
abría o seu computador. Xa case acabamos o seu
traballo do instituto. Agora verás o ben que
está quedando.

— Pois si, a verdade, o meu Bruno é un rapaz
moi especial. Onte estívome explicando o que
eran os adxuvantes, que por certo, non tiña nin
idea. E, explicoumo moi ben.

— Cólleo todo ao momento! E, cambiando de
tema, quería comentarche que teño un amigo
ilustrador que podería facernos algunhas
ilustracións. Que che parece?

— Un ilustrador, de verdade? É unha idea estupenda,
vai quedar xenial! Pero, sabe o que sería
marabilloso, doutora?



- Pois non, a verdade. Cántame.
- Encantaríame que o lesen por todo o mundo e, sobre todo, que os pais que dubidan de se vacinar ou non aos seus fillos, non tivesen ningunha dúbida despois de ler a nosa historia.
- Si señor, sería marabilloso! E eu engadiría unha cousiña máis: no caso de que sigan tendo algunha dúbida, que confíen en nós e nos pregunten sen medo, así con esa facilidade coa que o fai Bruno...
- Tes razón doutora! Esa confianza entre doutor e paciente é moi, pero que moi importante.



— Aquí está, xa se abriu o documento! Por onde quedaramos? Uhm...! Quedamos por aquí, verdade? Só escribín un pequeno resumo. Falamos de tantas cousas que espero poñelo todo. Cinguímonos, sobre todo, aos conceptos que tiña que incluír no seu traballo, xa sabes: os portadores, as cepas, o proceso de desenvolvemento dunha nova vacina e os ensaios clínicos. Empezamos?

— Preparado! Se che parece leo eu as intervencións do meu neto e ti as túas.

— Boa idea, imos alá!

E, así foi como comezamos a ler o diálogo que a doutora Alegría e mais ti mantivestes durante a túa última visita á súa consulta...

— Entón cando falamos de portadores referímonos a persoas que poden transmitir unha enfermidade contaxiosa, verdade?

— Así é, Bruno. Vivímolo hai pouco co coronavirus, acórdaste? Os portadores teñen o virus ou a bacteria no seu organismo, pero non teñen ningún síntoma, polo que aparentemente están sans. Por tanto, esas persoas, chamadas asintomáticas, son unha gran fonte de contaxio para os demais. Cando se realizan as probas que así o demostra, han de illarse para frear a transmisión do contaxio.

— Uf, menos mal! Si, claro que me acordo. As probas eran os test de antíxenos e as PCR.

— Así é. E, o máis importante Bruno. Despois da PCR, aínda que o resultado dese negativo, debíamos quedarnos na casa, illados para non contaxiar a ninguén.

— Claro doutora, por precaución! Podía saír negativo porque non se desenvolveu aínda. Vivir esta pandemia, axudoume a entender aínda máis o mundo das vacinas. Ensínolle o que atopei de cepa? A verdade é que isto me custa un pouco entendelo.

— A ver, que puxeches?

— As cepas son un conxunto de virus ou bacterias que comparten, polo menos, unha característica ou variante xenética. Grazas a elas, os científicos identifican as enfermidades, estúdanas e logo buscan os posibles tratamentos.

— A definición de cepa explicáchela ben, aínda que non o entendas. Xa verás, vouche poñer dous exemplos.

— Escoitaches algunha vez a expresión “de pura raza”?

— Si, claro. O avó dio acotío.

— Pois esa expresión vén de aí. Cando dicimos que algo é “de pura raza” referímonos a que é o núcleo, a orixe ou a esencia de algo.

— E o avó saberá o que significa “de pura raza”?

— Pois, seguro que si, Bruno. Se non, cóntaslo ti, que lle gustará sabelo. Falando do avó, sabes que o teu avó vacínase todos os anos da gripe, verdade?

— Si, xa hai uns cantos anos que a pon.

— E non te preguntaches nunca por que se vacina cada ano?


— É certo, pois non o pensara!

— Pois iso pasa porque as cepas dos virus da gripe van cambiando, por iso cada ano os científicos van modificando a vacina, segundo a cepa.

— Agora si que o teño claro, doutora! Apúntoo no meu caderno, vale?

— Tómate o tempo que necesites...

— Xa rematei. Pódolle facer unha pregunta que non ten que ver co meu traballo?





— Claro Bruno, só unha? Non cho creo! Ha, ha, ha.

— É que, ás veces penso se hai algunha maneira de predicir unha pandemia. Igual que o home do tempo pode predicir se ao día seguinte v ai chover ou facer sol, pois iso...

— Boa observación! Pero témome que non é tan fácil de predicir. Desgraciadamente o único que sabemos é que as pandemias existiron no pasado, acabamos de vivir unha e probablemente haberá outras no futuro. Temos a sorte de contar cos medios necesarios para crear as súas vacinas, así que o verdadeiramente importante, Bruno, é que loitemos unidos contra elas para superalas canto antes.

— Xa... jo... Ese ano iamos todos con máscara a clase. E, pola rúa tamén. Recordo que para frear os contaxios había horas nas que non podiamos saír á rúa... Bueno, mellor falamos outro día do coronavirus, seguimos?
?


— Si claro, outro día falaremos da COVID-19. Agora mellor centrarnos no teu traballo.

— Só me falta o do proceso de desenvolvemento dunha nova vacina e os ensaios clínicos. Iso é fácil, non teño ningunha dúbida. Leo o que puxen?

— Claro, estou desexando oílo.

— O proceso de desenvolvemento dunha nova vacina é tan complexo que pode durar anos. A maior parte do tempo invístese en realizar controis de calidade. Antes de probarse nos seres humanos invéstigase n o laboratorio e logo próbase nos animais. Así os científicos comprobán que ademais de ser segura, se produce a resposta inmune necesaria. Logo realízanse os ensaios clínicos nos seres humanos, nos que ao principio só participan algunhas persoas voluntarias. Só cando se verifica que é segura e que se obtén a resposta inmune necesaria, é cando se vacinará a un maior número de persoas, tendo en conta sempre se é necesario administrar unha dose ou varias. O obxectivo principal dos científicos é buscar a seguridade da nova vacina. Por iso os ensaios clínicos poden chegar a prolongarse durante moito tempo.

*Moi ben explicado Bruno! Só un pequeno comentario
Que tal se desagregas un pouco o parágrafo?
Quedaría moito máis claro se enumeras o proceso
de desenvolvemento.*



— Vale, cámbioo!

— E engadiría un pequeno detalle máis: que nos casos de emerxencia sanitaria, é dicir, no caso de que houbera unha pandemia, como a que acabamos de vivir, aceleraríase o proceso de investigación, desenvolvemento e fabricación da vacina. Iso si, sen esquecer nunca a súa seguridade, calidade e eficacia.

— Perfecto, engadido! Xa lle contei que o meu avó foi un dos primeiros en vacinarse da COVID-19, a que si?

— Pois non, non o sabía, Bruno, pero vamos, coñecendo ao teu avó, non me estraña en absoluto.

— Non a entreteño máis por hoxe doutora, grazas pola súa axuda.

— Estupendo! Ensínamo cando estea acabado de todo, vale?

— Si, claro, ensinarello.





— Bueno, pois esta foi a nosa conversación. Parécelle ben así ou cambiamos algo?

— Ben, paréceme perfecto, aínda que pensándoo ben... sabe o que cambiaría? Esa intervención final da vacinación da COVID-19. O meu neto empéñase en contarlle a todo o mundo que fun dos primeiros en vacinarme e, ao final, voume facer famoso, ha, ha, ha.

— Non, non, coa ilusión que lle fai contalo. Iso si que non o cambio.

— Pois entón, non hai máis que falar. Poñereime en contacto co ilustrador para ver se puidese telo preparado para a semana que vén, que é cando ten a cita para a vacina, verdade?

— Si, si, o venres que vén. E, por certo... como o titulamos?

— É verdade, non pensara no título. Xa pensarei. Se se lle ocorre a vostede, xa me dirá.

— Vale e se non, que o escolla el.

— Boa idea, ata a semana que vén entón!

— Adeus, vémonos!!



Dous días antes de que che puxeran a vacina, a doutora envioume o conto ilustrado. Quedara realmente precioso! Só faltaba un pequeno detalle. Non nos poñiamos de acordo para elixir o título. Ao final, decidimos que o mellor sería que o escolleces ti.

- Avó, sabes que? Estou un pouco triste. Esta é a última vacina que me poñerei coa doutora Alegría. A partir de agora irei ao médico de papá e mamá.
- Claro, é o que ten cumprir anos, que te fas maior. Pero, non te preocupes, estou seguro de que xamais esquecerás á doutora Alegría. Ademais, seguro que seguredes quedando algunha outra vez.
- Axudoume moitísimo! Mira, trouxen o meu traballo para ensinarllo.
- Creo que ela tamén ten algo que ensinarche.
- Ah si, a min?
- Agora o verás, sorpresa!



Cando chegamos ao consultorio non había ninguén esperando na consulta, así que petei e entramos.

— Adiante, estábavos esperando!

—dixo emocionada.

— Ola doutora. Tróuxenlle o meu traballo.

— Estupendo Bruno! Pero antes de ensinarmo, déixame que o teu avó e mais eu che deamos algo que che preparamos con moito cariño.

— Os dous? Preparastes algo para min...?

— Si, é un agasallo especial – dixo mentres o sacaba do seu caixón.

-Toma. Esperamos que che guste.



Ao principio, un enorme sorriso se debuxou na túa cara ao follear as páxinas do conto. Despois, unhas tímidas bágoas de alegría embazaron o teu rostro..

— Veña Bruno, non chores, que o vas mollar!

— É un conto, que debuxos máis bonitos! Se son eu o protagonista! Avó, saes ti tamén e a doutora...

— Claro, é a túa historia Bruno!

— Encántame, é precioso, grazas! Ensinareillo aos meus amigos. E, lereillo a Nicolás para que non lles teña medo ás vacinas..

- Só hai un pequeno problema.
- Que problema?
- Que non ten título!
- Ah vale, non pasa nada! Cando o lea na casa con Nicolás, pensarei nun.
- Estupendo!

Marchamos para a casa coa vacina posta e o teu conto na mochila. En canto chegamos pedícheslle a mamá se podías lerlle o conto ao teu irmán antes do xantar. Mamá deuche permiso e fostes ao teu cuarto. Nicolás escoitou o teu conto sen pestanexar nin un momento e cando acabaches de lerllo o seu primeiro comentario foi:

BRUNO, EU TAMÉN ME VACINO!

Entón quedaches un momento mirándoo sorprendido porque sen sabelo, el acababa de elixir o título do teu precioso conto.



Epílogo.

Como viches, tanto Bruno, como Nicolás, como a súa nai e o seu avó fóronse vacinando ao longo das páxinas do conto. E esta é unha mensaxe moi clara nos momentos actuais: as vacinas non son só para os nenos. As vacinas utilízanse en todas as idades, desde o embarazo ata as persoas maiores de 65 anos. En cada idade hai un momento para recibir unha vacina.

No Prólogo dicía que o libro que tes nas túas mans ten o formato dun conto, pero non é un conto calquera, nin sequera é un “conto chinés”.

Porque os “contos chineses” son fábulas, mesmo poden ser mitos ou crenzas, e ás veces na nosa cultura, cando nos referimos a un “conto chinés” estamos a referirnos a un bulo ou unha mentira. Pero no conto que tes entre as túas mans non hai unha soa mentira, é unha cálida historia de complicidade entre un avó, o seu neto e a pediatra, que ao longo das súas 28 páxinas vai contando, páxina a páxina, que é unha vacina, para que nos vacinamos, como funcionan as vacinas, por que é importante vacinar...: as mesmas preguntas que se fan a diario miles de pais cando teñen que empezar a vacinar aos seus fillos sans, ás veces con temores e dúbidas, porque escoitaron que as vacinas poden non ser seguras, ou poden ter efectos secundarios.

E é que, desafortunadamente, hai moitos pais con reticencias ou dúbidas ante a vacinación dos seus fillos, porque desde hai uns anos circulan pola internet (por medio do coñecido “ doutor Google”) ou polas redes sociais, numerosas noticias falsas, con datos, mitos e crenzas, que fan que, pais non ben informados, decidan non vacinar aos seus fillos, poñendo en perigo a súa saúde. E estas bólas e crenzas ao redor das vacinas son difundidas polos coñecidos como movementos antivacinas, e para iso válese do anonimato da internet e as redes sociais.

Un bo consello, é que, se queres resolver as túas dúbidas con respecto ás vacinas, lle preguntes directamente ao teu profesional sanitario, ao teu pediatra, ao teu médico, á túa enfermeira, ao teu farmacéutico. E se queres ter respostas ás túas dúbidas por medio da internet, accede só a páxinas seguras baseadas na evidencia científica.

Os pais con dúbidas sobre as vacinas, unha vez que as resolven, seguen os consellos dos seus pediatras, autoridades sanitarias e sociedades científicas, e manteñen o calendario de vacinacións vixente no noso país, a diferenza dos movementos antivacinas, que cren, como un dogma de fe, que a vacinación é prexudicial, e deixan de vacinar aos seus fillos, a pesar da evidencia científica sobre a seguridade e a eficacia das vacinas.

Os movementos antivacinas son tan antigos como as propias vacinas: xurdiron case ao mesmo tempo que a primeira vacina, a vacina fronte á varíola. E creo que vale a pena que contemos brevemente como xurdiron as vacinas: en 1796, Edward Jenner, un médico rural inglés, ao que se considera o pai da vacinología moderna, comprobou que as muxidoras das vacas estaban en contacto coa varíola vacúa, unha enfermidade benigna para elas, e con todo non enfermaban da varíola humana, enfermidade moito máis grave, e que neses anos provocaba centos de miles de mortos no mundo. O doutor Jenner observando ese fenómeno, demostrou que variolizando a un neno a partir das lesións das mans das muxidoras, ese neno quedaba protexido da varíola humana. O doutor Jenner investigou, e publicou, que o neno James Phipps, que ese era o nome do neno en cuestión, semanas despois da variolización, e ao poñerse en contacto coa varíola humana non contraeu a enfermidade: aí comeza a era moderna da vacinación.

E tan só seis anos despois, xurdiron no Reino Unido as primeiras publicacións dunha chamada Sociedade Antivacinas, que tratou de ridiculizar e botar por terra os primeiros argumentos científicos do comezo das vacinas. Incluso algúns colegas médicos do propio doutor Jenner poñían en dúbida a eficacia do seu descubrimento.

Uns anos máis tarde, en 1803, partiu do porto da Coruña un barco, o María Pita, rumbo aos territorios que posuía España, en América e Filipinas, co obxectivo de variolizar ao maior número de poboación posible, e dese xeito controlar os estragos que a varíola estaba a causar naqueles territorios de ultramar. O barco foi coñecido como o barco da vacina, e a expedición científica que viaxaba nel, a Real Expedición Filantrópica da Vacina, considerada a primeira gran expedición sanitaria da historia. A expedición estaba formada por 22 nenos orfos, de entre 3 e 9 anos, acompañados pola reitora do orfanato, Isabel Zandal, que exercía funcións de enfermeira, e varios médicos (Francisco Javier Balmis, director da expedición, e José Salvani, entre outros), ilusionados en levar a América o fluído vacinal que inmunizase fronte á varíola humana a miles de persoas expostas a esta grave enfermidade. Non quero estenderme neste relato, pero creo que vale a pena que coñezamos como xurdiron os primeiros momentos do inicio da vacinación no mundo.

A historia é longa, pero cun final feliz. Os movementos antivacinas continuaron, e aínda continúan, sementando as súas dúbidas sobre a eficacia e a seguridade das vacinas, pero a ciencia continuou avanzando, e dous séculos despois do descubrimento do doutor Jenner, tras amplas campañas mundiais de vacinación, conseguíuse eliminar definitivamente a varíola do mundo. No ano 1979, a Organización Mundial da Saúde (OMS), declarou erradicada a varíola, salvando a vida de centos de miles de persoas, pero o máis importante, demostrando que as vacinas funcionan, salvan vidas, e que grazas a elas se poden controlar, eliminar e erradicar enfermidades que provocan mortes e sufrimento. Ese é o obxectivo das vacinas.

Ata hai uns anos, as vacinas eran só para os nenos. Pero as enfermidades infecciosas non entenden de idades, e hoxe falamos de vacinas para todas as idades da vida, protexendo tamén ás embarazadas, aos adultos e ás persoas maiores fronte a distintas enfermidades que poden lle provocar complicacións graves a quen as sofre.

Cando estou escribindo a Introducción para o noso querido conto, o planeta está a vivir a pandemia polo SARSCoV-2, que puxo ao mundo “patas arriba” e xerou a necesidade de investigar, con carácter de urxencia, para o desenvolvemento de novas vacinas fronte a un novo virus descoñecido pola humanidade.

Non debemos esquecer que epidemias e pandemias e outras catástrofes sanitarias levan coincidindo coa humanidade durante séculos, e pareceume oportuno facer estes comentarios no epílogo do conto, para que teñamos moi presente que é responsabilidade de todos coidarnos a nós mesmos, aos que nos rodean, e tamén ao noso planeta.

No momento de escribir estas notas, finais de decembro de 2020, e desde marzo, puxéronse en marcha máis de 200 ensaios para o desenvolvemento de posibles vacinas fronte á COVID-19, e delas dez, están nas últimas fases dos ensaios clínicos en Fase 3 para completar as fases de seguridade, inmunoxenicidade e eficacia. De feito, o día 8 de decembro iniciouse a vacinación no Reino Unido, e a semana próxima iniciarase a vacinación en Estados Unidos, Canadá, México e varios países máis, e se a folla de ruta se mantén, no primeiro semestre de 2021 comezarán a gran escala as seguintes vacinacións que marquen o comezo do fin desta pandemia.

As vacinas protéxennos fronte a enfermidades inmunoprevibles, e por iso temos que manter a confianza na seguridade e eficacia das vacinas por parte da poboación. As vacinas seguen sendo necesarias no Século XXI, e máis que nunca debemos ter presente que as vacinas por si soas non salvan vidas, faino a vacinación.

Santa Cruz de Tenerife, a 12 de decembro de 2020.

Luis Ortigosa.

Pediatra. Presidente da Sociedade Canaria de Pediatría de Santa Cruz de Tenerife.

Membro do Grupo Técnico de Vacinas do Goberno de Canarias, e Asesor Interno do CAV-AEP (Comité Asesor de Vacinas da Asociación Española de Pediatría).

Para saber más sobre las vacunas...

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/calendario-y-coberturas/home.htm>

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/calendario-y-coberturas/calendario/Calendario_CCAA.htm